


# COMPROMÉTOME A

- 1.- Veño o día que teño asignado. Prendo luces dos ordenadores e subo persinanas.
2. - Levo sempre posta a miña identificación.
3. - Fago o meu traballo con atención e respecto.
4. - Falo sempre baixo e ando amodiño.
5. - Vixio que o comportamento sexa correcto e se non fan caso aviso á profe de garda.
6. - Axudo aos pequenos/as con paciencia e informo a quen o precisa.
7. - Coido das cousas que son de todos/as: libros, mobles, ordenadores, reproductores...
8. - Encárgome de préstamos e devolucións.
- 9- Cinco minutos antes recollo os materiais do préstamo e coido que quede todo listo para o día seguinte.
10. Resolvo os problemas dialogando.

## GUÍA DE AXUDANTES DA BIBLIOTECA

### GUÍA DE AXUDANTES DA BIBLIOTECA




**BIBLIOTECA MANUEL FABEIRO GÓMEZ**

**CEIP Ramón de Artaza**

# MUROS

Ser axudante da biblio é unha responsabilidade que se asume para todo un curso. Se algún día non podo ir deberei de buscar a outro axudante que me queira remplazar.



En cada quenda haberá tres axudantes que deberán dialogar e repartirse as tarefas diarias.

1 Superviso reproductores de DVD asegurándome de que se utilizan correctamente e de que os discos se garden nas súas caixas ben colocados.

Asegúrome de que acoden aos ordenadores os cursos que lle corresponde por horario.

2 Xestiono préstamos. Emprego o MEIGA con atención e pido axuda á mestra encargada se teño dúbidas. Anoto incidencias.

3 Coloco no sitio os libros da caixa, retiro os libros estragados á “Enfermaría dos Libros”, recomendo e axudo a atopar libros ou material a quen o precise e lémbrolles que deben falar baixo.

# Lembra que... Lembra que...

- ✓ Os libros de consulta teñen a etiqueta branca abaixo e unha pegatina de cor arriba que nos indica a materia. Hai que mirar a cor e o número e consultar a chuleta da CDU da nosa biblio se temos alguna dúbida.
- ✓ Os libros de ficción teñen as etiquetas da cor do seu nivel e os verdes e amarelos están ordenados alfabeticamente atendendo ás tres primeiras letras en maiúsculas do primeiro apelido do autor.
- ✓ Os libros en Inglés, os de Teatro e Poesía así como a banda deseñada e as revistas teñen o seus sitio específico.
- ✓ Nos revisteiros baixos están os libros do clube de lectura e os de lectura de aulas. Debe colocarse un exemplar á vista e o resto dentro.

*É moi importante ter os fondos ben ordenados para poder encontralos rápidamente cando nos fan falta.*

NUNCA debe sair ou entrar un libro sen pasar polo MEIGA.

Ademáis:

- ✓ Revisaremos e ordenaremos o recanto de país.
- ✓ Recordarémolle aos nenos/as que deixen os libros no andel do corredor se van para o patio.
- ✓ Colaboraremos na ambientación da biblioteca e na elaboración de boletíns informativos.

MOITAS GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN